

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 16 DE MAIO DE 2005**

**6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

**SUBVENCIÓNS INICIAIS VIVENDAS**

Nº EXPTE.	SOLICITANTE	ENDEREZO OBRAS	SUBVENCIÓN N	PRAZO OBRAS
2005-114	Soledad González Sánchez	R/ San Pedro, 109	12.991,33	16 meses
2005-115	Soledad González Sánchez	R/ San Pedro, 109-1º	8.139,16	16 meses

**SUBVENCIÓNS DEFINITIVAS VIVENDAS- Consorcio**

Nº EXPTE.	SOLICITANTE	ENDEREZO OBRAS	SUBVENCIÓN
2000-42	José Rodeiro Tato	R/ Castrón Douro, 6-1º	902,09
2003-957	Jesús Aguiar Rodeiro	R/ Castrón Douro, 6-2º	902,09

**SUBVENCIÓNS DEFINITIVAS LOCAIS- Consorcio**

Nº EXPTE.	SOLICITANTE	ENDEREZO OBRAS	SUBVENCIÓN
B00-446	Marcelino Sanín Picón, en representación de Mª Dolores Sanín Álvarez	R/ Vilar, 14-baixo	7.817,46
B03-568	Mª José Mera Puente, en representación de ENOMÍA, S.L.	Praciña das Penas, 1-baixo	6.415,70

**9.- Adxudicación das obras incluídas no proxecto de urbanización do Polígono A do SUNP-6 de San Lázaro (Zona usos terciarios).**

Acórdase adxudicar a licitación de referencia á empresa EXTRACO SA por importe de 381.804,00 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de 16 semanas.

**10.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das obras de adecuación do entorno do campo da festa de Enfesta (POS 2005).**

Acórdase adxudicar a licitación de referencia á empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA por importe de 47,426,79 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de 4 semanas.

**11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das obras de adecuación do entorno do Centro socio-cultural de San Cristóbal de Enfesta (POS 2005).**

Acórdase adxudicar a licitación de referencia á empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA por importe de 49.897,44 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de 6 semanas.

**12.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das obras incluídas no proxecto de nova capa de rodadura na vía pública M-60-V. A Peregrina. (POS 2005).**

Acórdase adxudicar a licitación de referencia á empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA por importe de 59.570,53 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de 2 meses.

**14.- Proposta da xuíz instrutora do procedemento contraditorio iniciado para determinar as responsabilidades das presuntas irregularidades cometidas na construción do aparcamento da Praza Roxa relativa á suspensión da tramitación do mesmo.**

Acórdase suspender a tramitación do mesmo, quedando vinculado un futuro acordo de reinicio o desenvolvemento do procedemento penal que sobre este mesmo asunto se está a desenvolver no Xulgado de Instrución nº 2 de Santiago.

**16.- Proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente relativa á prórroga por 2 meses do contrato de xestión e control dos vertedoiros de Piñor e Aríns.**

Acórdase prorrogar o contrato de xestión e control dos vertedoiros de Piñor e Aríns subscrito coa UTE TREMESSA-REGASA (hoxe URBASER, SA), por un período de 2 meses a contar desde o 17 de maio de 2005.

**17.- Proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais relativa á prórroga por 2 anos do contrato de prestación do servizo de Axuda no Fogar.**

Acórdase prorrogar o contrato de referencia por dous anos máis a contar desde o 1 de agosto de 2005, así como a actualización do prezo de acordo coa variación experimentada polo IPC no período correspondente.

**18.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros Socioculturais relativa á adxudicación do subministro de mobiliario para o Centro socio-cultural de Sar.**

Acórdase adxudicar o subministro de referencia a favor da empresa LOGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES SL por importe de 14.568,88 euros, IVE incluído.

**20.- Proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente, relativa á aprobación das bases para o outorgamento de subvencións para plantación forestais en montes do municipio durante 2005, e o inicio do procedemento de solicitude.**

Acórdase aprobar as bases para o outorgamento de subvencións para plantacións forestais en montes do Concello durante o ano 2005 e o inicio do procedemento de tramitación destas subvencións.

**21.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación dos Encontros escolares galegos de xogos tradicionais.**

Acórdase aprobar a devandita actividade, que contará cun orzamento de 7.113 euros para o seu desenvolvemento, e está organizada conxuntamente polo concello de Santiago e a rede galega do Xogo tradicional.

**23.- Aprobación da liquidación por mor da inauguración da Praza Roxa.**

Acórdase subsanar o déficit resultante (2.273,30 euros) da programación que se levou a cabo debido a un desaxuste no balance ingresos-gastos con cargo á partida do departamento de Festas do ano 2005.

**24.- Proposta da Concelleira Delegada do Casco Histórico relativa á diversas aprobacións por mor do Programa de asistencia e xestión urbana sostible (PAGUS).**

Acórdase aprobar o orzamento do devandito programa, que ascende a 19.500 euros.

**25.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións destinadas ó fomento do deporte federado para 2005.**

Apróbanse as devanditas bases, cun importe total a repartir entre os solicitantes de 215.000 euros.

**26.- Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo relativa á aprobación do prego de cláusulas administrativas e o inicio da contratación das obras de conservación e consolidación do castelo da Rocha Forte.**

Acórdase aprobar o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación de referencia, establecéndose un tipo de licitación de 36.000 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de 2 meses e medio.

**27.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á contratación dunha asistencia técnica para a realización dos traballos arqueolóxicos de avaliación e control de proxectos de obra na praza de abastos, Colexiata de Sar e Calzada de Sar promovidos polo Concello.**

Acórdase contratar unha asistencia técnica para a realización dos devanditos traballos, por un importe total de 19.200 euros.

**28.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á contratación dunha asistencia técnica para a redacción do Estudio sociourbanístico do polígono de Vista Alegre, así como a súa adxudicación.**

Acórdase contratar unha asistencia técnica para a redacción do devandito estudo, cun contrato de 12.000 euros, e adxudicala IDEGA (Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galiza).

**29.- Proposta da Concelleira Delegada de Limpeza relativa á adxudicación da prestación do servizo de limpeza nos aseos públicos da Alameda e o Parque Xixón.**

Acórdase adxudicar a prestación do servizo de limpeza nos aseos públicos da Alameda e do Parque Xixón do 16 de maio ao 4 de setembro á empresa COGAKI, SL, por un importe total de 7.015,82 euros, IVE incluído.

**30.- Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo relativa á contratación dun auxiliar administrativo para remprazar a unha traballadora que desenvolvía as tarefas correspondentes ó Proxecto Atlante.**

Acórdase contratar un novo auxiliar administrativo.

**31.- Proposta do Concelleiro Delegado de Persoal en funcións relativa ó nomeamento dun funcionario para o posto de traballo de Xefe do Servizo de Programación e proxección, polo procedemento de libre designación.**

Acórdase aprobar o nomeamento do funcionario de carreira do Concelleiro de Oleiros, Enrique Seoane Pardo, para o devandito posto.

**32.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade para dar conta da concesión dunha subvención ó Concello pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e voluntariado para a realización de actividades dirixidas á xuventude.**

Dáse conta da axuda concedida para a realización de actividades dirixidas á xuventude, que ascende a 5.150 euros.

**34.- Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago e o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a preparación de solo residencial do SUNP-36, A Palleira, para a construción de vivendas de protección pública.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, asinado o pasado 12 de maio de 2005.

**35.- Dar conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Santiago realizar determinadas actuacións no municipio.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, asinado o pasado 3 de maio de 2005

**39.- Dar conta pola Concelleira Delegada de Educación e Mocidade da celebración do encontro final do Programa didáctico "Coñecer as cidades patrimonio". IV edición os días 20, 21 e 22 de maio de 2005, e a concesión de diversas autorizacións.**

Dáse conta da celebración e as características do devandito encontro.

#### **URXENCIAS**

-Acórdase aprobar o proxecto "Travesía na CP-7803 Santiago a Figueiras, P.K. 3,52 ó 4,00 (Santiago)".

-Acórdase aprobar o proxecto "Travesía na CP-7804 de Val do Dubra a Santiago, P.K. 21,20 ó 21,71 (Santiago).

**Santiago de Compostela, 16 de maio de 2005**